

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 34287 (10/POC-005446)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis  
Sobre a adaptación dos menús nos seguintes centros escolares: CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro, de Cerceda, CEIP Bergantiños e CEIP Gándara Sofán, de Carballo, e CEIP Joaquín Rodríguez Otero e CEIP Milladoiro, de Malpica de Bergantiños  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018*
- 1.2 37605 (10/POC-005940)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Fernández Prado, Martín e 7 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos reflectidos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia no estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema universitario de Galicia 2013-2014  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018*
- 1.3 37689 (10/POC-005949)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre os datos referidos ás listaxes de espera para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira nas escolas oficiais de idiomas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018*
- 1.4 38077 (10/POC-006006)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 3 máis  
Sobre a valoración do Goberno galego dos avances producidos na mellora da implantación do xadrez como materia na educación secundaria, de acordo coa Orde do 15 de xullo de 2015, as accións formativas desenvolvidas para dotar o colectivo docente dos recursos necesarios para a formación do alumnado, así como os obxectivos previstos nese ámbito para os próximos anos e as actuacións que se van levar a cabo para a súa consecución  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018*

- 1.5 38175 (10/POC-006025)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre as dilixencias abertas pola Fiscalía de Medio Ambiente en relación coa presunta destrución do castro do Monte da Trindade ou castro de Flores, situado entre os concellos de Lourenzá e Mondoñedo, a consecuencia da actividade extractiva desenvolvida nunha canteira, así como as actuacións levadas a cabo e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018*
- 1.6 39401 (10/POC-006181)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á adjudicación dunha praza de docente na Escola de Restauración de Bens Culturais, de Pontevedra, no concurso de traslados de 2016  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018*

**Punto 2. Pròposicións non de lei**

- 2.1 39091 (10/PNC-003132)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección, conservación e acceso da cidadanía ao mosteiro de Oia, así como a posibilidade da súa reversión ao patrimonio público  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Antonio Mouriño Villar na data 07/11/2018 13:30:09**